

NOVEMBRO MES DA CIENCIA EN GALEGO NAS BIBLIOTECAS

MES DA CIENCIA 2026

Programación de actividades de divulgación científica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e das bibliotecas escolares

XUNTA DE GALICIA

Humanidades para a ciencia e a conciencia crítica

«Coñecer o pasado a través da arte e do patrimonio histórico é tamén facer ciencia ao servizo do presente: revela quen somos, como construímos o territorio no que habitamos e como coidalo para vivir mellor.» -Podo axustar o rexistro (máis institucional, máis divulgativo ou máis reivindicativo)...

Pedinlle á Intelixencia Artificial que sintetizase nunha frase as achegas da historia da arte para a sociedade de Galicia. O resultado demostra escasa profundidade. Aínda así, o certo é que estas ferramentas van progresando e sorprendendo, de maneira que a produción de textos e imaxes xerados por IA chegará algún día a superar todo o que gardamos desde a orixe da escritura e da fotografía.

Os historiadores da arte temos entre as nosas liñas de traballo preferentes o estudo das imaxes. Desde hai miles de anos os artistas crearon imaxes para satisfacer os gustos das elites, transmitir mensaxes sociais, demostrar talento ou provocar. Coa IA este poder de producir imaxes volveuse máis democrático ca nunca. E tamén formula novos retos. Os cidadáns vémonos inmersos nun fluxo continuo de imaxes que saltaron das pantallas brancas ás pantallas negras para colonizar os espazos das nosas cidades. Ante o risco de ficar como suxeitos pasivos e consumidores dos contidos decididos por algoritmos, a historia da arte pode dar á cidadanía a capacidade de reflexionar sobre os significados, as intencións e as cualidades estéticas desta iconosfera. Como humanistas que combinamos unha formación especializada na cultura visual e material coa preparación para comprender os seus contextos, os historiadores da arte podemos proporcionar saberes e xerar reflexións de longo percorrido, un pensamento lento e demorado, cada vez máis necesario fronte ao consumo rápido a base de clics.

Os obxectos de estudo da historia da arte abranguen un apaixonante territorio da imaxinación e da creatividade estendido desde as obras de arte tradicionais ás novas propostas e linguaxes das artes contemporáneas, desde a música e o cinema até os novos formatos da cultura audiovisual. Para estudalos contamos con métodos propios e diferenciados, establecidos para comprender as complexidades da produción, circulación e recepción das obras de arte.

A historia da arte tamén está a integrar as novas ferramentas tecnolóxicas, pero non como simples instrumentos, senón como metodoloxías novidosas de interpretación e difusión de coñecemento. Existe unha Historia da Arte Dixital, e tamén outra IA que poderiamos chamar Intelixencia Artística, as dúas orientadas a crear os códigos conceptuais e operativos que posibilitan pasar da acumulación de datos á elaboración de coñecemento crítico e útil para a sociedade.

Con todo, os métodos e ferramentas dixitais non van condenar á desaparición os formatos físicos ou analóxicos. Os historiadores da arte traballamos nos arquivos e bibliotecas que desde hai séculos constitúen os nosos "laboratorios". Arquivos e bibliotecas almacenan as fontes documentais e repertorios de imaxes que precisamos, xunto co acceso ás pezas orixinais e aos sitios físicos do patrimonio. De feito outro interese do que facemos reside nos estudos para colaborar na conservación, restauración e interpretación do rico patrimonio de Galicia, desde as obras en museos e centros de arte contemporánea aos monumentos e cidades históricas.

Tamén quero lembrar que, xunto ás horas aproveitadas na pescuda de informacións, as bibliotecas foron e son espazos de desfrute e enriquecemento persoal. Sendo neno, esperaba o remate das clases dos venres para camiñar ata a antiga Biblioteca Pública da Coruña para coller os libros en préstamo que ía desfrutar toda a semana. Aquel neno que percorría a Cidade Vella cun volume de Emilio Salgari na man foi descubrindo, paso a paso, os segredos que ofrecía unha cidade histórica: lousas con inscricións borradas, escudos con sinais incomprensibles, efixies de pedra de ollos velados polo tempo, a porta entreaberta da Casa Cornide, galerías de brancas e repenicadas madeiras, un melancólico xardín arredor dunha tumba solitaria... Non o sabía daquela, pero as imaxes das arquitecturas históricas e do patrimonio urbano estaban alumeando unha escolla vital.



Jesús Ángel Sánchez García é historiador da arte e investigador en historia da arquitectura e do urbanismo de Galicia. Catedrático de Historia da Arte na Universidade de Santiago de Compostela, desde 2021 coordina o grupo de investigación IDEAHS.

ACTIVIDADES NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS

BIBLIOTECA DE GALICIA

7 de novembro, ás 18.00 horas, no Auditorio da Biblioteca de Galicia

Teatro para público familiar. *H2... OH!* de Teatro Ghazafellos

Unha divulgadora científica e dous doutores de ciencias mundialmente coñecidos, Montsilia Brasilisca e Pepablov Pasparof, son os protagonistas desta proposta repleta de curiosidades científicas e humor que nos descubrirán información singular como, por exemplo, que os paxaros foron os inventores dos cascos, por que hai animais que nunca beben auga, ou por que o número Pi non remata nunca. Coa inestimable axuda do público realizaranse experimentos científicos que axudarán a levar, finalmente, a teoría á práctica.

A loucura destes científicos e a extravagancia dos seus experimentos farán que o público teña unha experiencia inesquecible potenciando o alicerce de toda ciencia: a curiosidade.

Baseada no libro homónimo de María Canosa gañador do Premio Follas Novas 2021 á mellor publicación de divulgación, H2...Oh! está protagonizada pola propia autora en calidade de divulgadora científica, Montse Piñón e Pepablo Patinho.

Para público familiar. 125 prazas.
Inscricións na web cidadedacultura.gal

14 de novembro, ás 17.30 horas, na aula I da Biblioteca de Galicia

Obradoiro: *MISIÓN CSIC: O SEGREDO DAS ILLAS CÍES,* organizada pola Unidade de Cultura Científica CSIC Galicia

Un cofre misterioso chega das Illas Cíes cun segredo e cómpre resolver sete enigmas para descifrar o código que permita abrilo. Observar, buscar pistas e traballar en equipo permitirán dar coa resposta a algunha das sete preguntas

que cómpre responder, entre elas: como pescar sardiñas sen que se esgoten no mar? Como diferenciar no prato unha lura dunha pota? Como saber se o camiño que na túa aldea vai á Igrexa é un antigo camiño de peregrinación a Santiago? Como saber se o escudo dunha casa antiga pertenceu a unha familia poderosa ou a un convento de frades? Cada reto permitirá coñecer unha parte do traballo dos centros do CSIC en Galicia e conseguir unha pista para o desafío final. Só compartindo os descubrimentos de todos os equipos poderán descifrar o código e abrir o cofre!

Para público infantil de 6 a 11 anos. 20 prazas.
Inscricións na web cidadedacultura.gal

28 de novembro, ás 19.00 horas, no Auditorio da Biblioteca de Galicia

Teatro para público xeral. *Curie ou a simetría dos fenómenos físicos*, de Empatía Teatro

Un "biopic poético" que percorre a vida de María Sklodowska-Curie nunha viaxe emocional desde a súa infancia nunha Polonia ocupada e marcada pola pobreza, pasando pola precariedade dos seus anos de formación en París, ata converterse na primeira persoa da historia (e única en dúas categorías científicas diferentes) en obter dous Premios Nobel. Unha viaxe emocional que narra unha existencia atravesada pola curiosidade, a resistencia e a vontade de coñecer. A través de lembranzas, saltos temporais e evocacións, a propia Marie reconstrúe diante do público os momentos decisivos da súa vida: a súa infancia, a emigración, o encontro e o amor intelectual e vital con Pierre Curie, o traballo científico desenvolvido en condicións extremas, a maternidade, a viuvez, a guerra e a súa posterior proxección internacional como referente da ciencia moderna. A historia convértese tamén nun espello do presente, abrindo preguntas sobre o papel da ciencia na sociedade, o feminismo, a ética do progreso e a capacidade do coñecemento para mellorar o mundo.



Escrita e dirixida por Santiago Cortegoso, co asesoramento das biógrafas oficiais Belén Yuste e Sonnia Rivas.

Para público xeral. 125 prazas.
Inscricións na web cidadedacultura.gal

BIBLIOTECA PÚBLICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ÁNXEL CASAL

6 de novembro, ás 18.00 horas, no salón de actos

Obradoiro *A maxia de ciencia!*, con Arenaria

É maxia? Non, é ciencia! Moitos dos trucos máxicos están baseados en fenómenos físicos e químicos, son ciencia. A través da experimentación, poderemos coñecer feitos da vida cotiá: poden os zapateiros camiñar sobre a auga? Existe a invisibilidade? Podo facer lume na man sen queimarme? O obradoiro ten unha metodoloxía práctica, fomenta a participación, o pensamento crítico e implica as persoas participantes.

Público infantil de 6 a 12 anos. 25 prazas.
Inscricións na biblioteca desde 30 minutos antes de que comece a actividade.



14 de novembro, ás 12.00 horas, no salón de actos

Espectáculo *Inventoras con mentes curiosas,* con A Xanela do Maxín

Espectáculo participativo, divertido e didáctico deseñado para estimular a creatividade e a curiosidade do público. A actividade inclúe retos e desafíos que nos fan pensar. Esta obra é unha homenaxe ao papel das mulleres no avance científico, ao tempo que fomentamos o espírito de investigación e innovación no público.

Público infantil de 3 a 8 anos.
Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

16 de novembro, ás 18.30 horas, no salón de actos

Obradoiro infantil de astronomía, realizado polo Observatorio Astronómico Ramón María Aller da USC


Un ano máis, volvemos conectar coas estrelas. Comezaremos cunha presentación sobre os fundamentos da astronomía. Despois, pasaremos á acción coas nosas propias mans e aprenderemos a dominar o planisferio celeste, agasallo de Óptica Val.

Público infantil de 7 a 12 anos. 15 prazas.
Inscricións na biblioteca a partir das 18.00 horas.

16 de novembro, ás 20.00 horas, no salón de actos e no exterior da biblioteca

Observación do ceo nocturno con telescopio, realizado polo Observatorio Astronómico Ramón María Aller da USC.

Asomaremos a mirada ao universo. Cun telescopio portátil do Observatorio Astronómico Ramón María Aller, observaremos varios obxectos de interese: a Lúa, Saturno e unha estrela dobre.
A actividade iniciarase cunha breve explicación sobre o que as persoas participantes van poder avistar.
A continuación, iniciarase no exterior da biblioteca a observación dos astros a través do telescopio, cunha duración aproximada dunha hora.



Para público xeral. 25 prazas.
Inscricións na biblioteca a partir das 18.00 horas.

Nota: Se as condicións meteorolóxicas non acompañan, trasladarase a outro día.

21 de novembro, ás 12.00 horas, no salón de actos

Obradoiro: *Misión Ciencia,* con Ciencia Kids.

A través de experimentos sinxelos, retos e actividades creativas, a cativada poderá descubrir, experimentar e crear mentres aprenden xogando.
A experimentación científica axuda a desenvolver habilidades fundamentais para a vida diaria como a observación, a resolución de problemas, a creatividade, o pensamento crítico e a capacidade de facer preguntas e buscar solucións. Ademais, fomenta a confianza, o traballo en equipo e o interese por comprender o mundo que nos rodea, demostrando que a ciencia está presente en moitas situacións cotiás e pode axudarnos a entender e mellorar a nosa contorna.

Público infantil de 3 a 8 anos.
Entrada libre ata completar a capacidade da sala.



BIBLIOTECA PÚBLICA DA CORUÑA MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS

7 de novembro, ás 11.00 horas, no espazo de obradoiros

Obradoiro: *Reaccións en cadea,* con Ciencia Kids

Exploraremos como e por que ocorren as reaccións químicas a través de experimentos sorprendentes. Observaremos cambios de cor, liberación de enerxía e transformacións da materia, comprendendo a ciencia detrás de cada fenómeno de maneira práctica e divertida.

Para público infantil de 6 a 12 anos. 15 prazas.
Inscricións na web https://bibliotecas.xunta.gal/coruna

13, **20** e **27** de novembro, ás 18.00 horas, no espazo de obradoiros

Obradoiro: *Aves de cidade,* con Xan Eguía





Hai todo un mundo natural agochado nas nosas cidades: nos parques, nas prazas, nas árbores ou mesmo nos tellados dos edificios. Unha proposta para observar, crear, aprender e compartir, que combina natureza, creatividade e participación e que nos invita a descubrir que, ás veces, para coñecer novos mundos, non precisamos ir moi lonxe: só temos que aprender a mirar o que temos diante. Aprenderemos a mirar, escoitar e recoñecelo creando aves a tamaño real con papel e materiais reciclados dun xeito lúdico e participativo.



Para público infantil de 8 a 12 anos. 12 prazas.
Inscricións na web https://bibliotecas.xunta.gal/coruna



14 de novembro, ás 11.00 horas, no espazo de obradoiros

Obradoiro: *Construción e programación de robots,* con Enxeñolabs by Dismedia

O obxectivo da actividade é familiarizar as nenas e nenos coas disciplinas STEAM, en concreto coa robótica, na resolución de problemas e na execución de proxectos, fomentando así o gusto e a curiosidade pola ciencia e a tecnoloxía. Construiremos e programaremos por bloques un robot, cunha metodoloxía activa na que nenas e nenos resolverán un reto empregando o material facilitado.

Para público infantil de 6 a 12 anos. 15 prazas.
Inscricións na web https://bibliotecas.xunta.gal/coruna

21 de novembro, ás 11.00 horas, no espazo de obradoiros

Obradoiro: *Arqueoloxía experimental,* con Artear

Obradoiro de arqueoloxía experimental no que nenas e nenos se converterán en protagonistas do experimento e, por tanto, formulan hipótese de reconstrución, observan, analizan, manipulan obxectos e instrumentos, ao mesmo tempo que reproducen paso a paso diferentes pezas aplicando as diferentes técnicas e xestos dos oleiros que viviron na nosa contorna.

Para público infantil de 6 a 12 anos. 15 prazas.
Inscricións na web https://bibliotecas.xunta.gal/coruna

28 de novembro, ás 11.00 horas, no espazo de obradoiros

Obradoiro: *Sistema Lupo,* con Víctor González García-Echave

O Sistema Lupo está constituído por unha serie de pezas modulares que permiten múltiples posibilidades combinatorias, formas, proporcións, xogos de equilibrio e estratexias de acción. Fomenta a reflexión e a creatividade individuais e o traballo en equipo. A través do xogo e de dinámicas de construción a grande escala, abordaranse unha serie de retos construtivos.

Para público infantil de 6 a 12 anos. 15 prazas.
Inscricións na web https://bibliotecas.xunta.gal/coruna

BIBLIOTECA PÚBLICA DE LUGO

7 de novembro, ás 12.00 horas, na ludoteca



Obradoiro lúdico-científico: *Biotecnólogos resolven un crime na biblioteca,* con Efervesciencia.

Alguén roubou un valioso manuscrito na biblioteca. Afortunadamente, temos os restos biolóxicos do ladrón. Para descubrilo haberá que extraer ADN das mostras e comparalo cos sospeitosos. No obradoiro resolveremos o caso con material de cociña e aprenderemos que é a biotecnoloxía.

Para público infantil de 6 a 12 anos. 15 prazas.
Inscricións desde o luns anterior.

14 de novembro, ás 11.30 horas en primeira quenda e ás 12.30 horas en segunda quenda, na área de acollida da biblioteca (andar 0).

Obradoiro de arquitectura e xeometría aplicada: *Xeometrías para pensar* con Elena Belgrano

Didáctica experimental que fomenta a reflexión e a creatividade individuais e o traballo en equipo a través do xogo e de dinámicas de construción a grande escala, abordando unha serie de retos construtivos: xogos de equilibrio e estratexias de acción.

Para público infantil de 6 a 12 anos. 15 prazas por quenda.
Inscricións desde o luns anterior.

21 de novembro, ás 12.00 horas, na ludoteca

Obradoiro de robótica: *Construción e programación de robots,* con Enxeñolabs by Dismedia

O obxectivo da actividade é familiarizar a cativada coas disciplinas STEAM, en concreto coa robótica, na resolución de problemas e na execución de proxectos, fomentando así o gusto e a curiosidade pola ciencia e a tecnoloxía. Construiremos e programaremos por bloques un robot, cunha metodoloxía activa na que as nenas e nenos resolverán un reto empregando o material facilitado.

Para público infantil de 6 a 12 anos. 15 prazas.
Inscricións desde o luns anterior.

28 de novembro, ás 12.00 horas, na ludoteca

Obradoiro didáctico de ciencia: *Mans á ciencia!!,* con Ciencia Kids

As nenas e nenos converteranse en pequenos científicos para realizar diferentes experimentos, descubrir fenómenos sorprendentes e buscar respostas a preguntas que esperten a súa curiosidade. A ciencia non é so para aprender contidos, tamén desenvolve habilidades fundamentais no futuro: a capacidade de analizar información, expor preguntas, resolver problemas, traballar con outras persoas e adaptarse a situacións novas. O fomento desde a infancia dunha relación positiva coa ciencia axuda a espertar vocacións científicas e tecnolóxicas e a preparar a cativada para un mundo cada vez máis relacionado coa ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

Para público infantil de 6 a 12 anos. 15 prazas.
Inscricións desde o luns anterior.

MOSTRAS BIBLIOGRÁFICAS do 2 ao 21 de novembro no horario de apertura da biblioteca.

Que hai de novo na ciencia?


Esta mostra acubillará os últimos libros relacionados coas materias científicas adquiridos pola biblioteca. Será un pequeno fondo que iremos repoñendo á medida que se vaian prestando os exemplares.
Para público adulto. Na área de acollida, á beira do Mostrador Central.

BIBLIOTECA PÚBLICA DE OURENSE NÓS

3, 10, 17 e **24** de novembro ás 18.00 horas, na sala de actividades infantil

Contacontos pequenos científicos

A biblioteca dedica os contacontos dos martes "Contiños na biblio" con Susana para que a cativada se achegue á ciencia dunha forma lúdica e amena.



Para público infantil de 4 a 6 anos. 15 prazas.
Inscricións desde o venres anterior ás 9.00 horas nos números de teléfono 988 788 385/386 ou ben presencialmente.

5 de novembro ás 18.00 horas, na sala de conferencias

Poden ser sexistas as campañas institucionais contra o sexismo?

Actividade do Grupo de Estudos en Traballo Social: Investigación e Transferencia (GETS-IT) da Facultade de Educación e Traballo Social do Campus de Ourense.
Abordarase a importancia de incorporar unha perspectiva de xénero interseccional ás campañas de sensibilización e prevención da violencia machista. Para iso, partirase da explicación de diferentes conceptos clave e realizarase unha dinámica participativa na que o público analizará de forma crítica unha campaña, identificando os discursos, representacións, estereotipos e posibles desigualdades presentes nela.

Para público adulto. 40 prazas. Aberta ata completar aforo.



14 de novembro ás 11.30 horas, na sala de actividades infantil

Obradoiros de Ciencia. Jane Colden. Laboratorios das Plantas, con Vermislab

Descubriremos a figura de Jane Colden, considerada unha das primeiras botánicas de América. Converterémonos en pequenos científicos para construír unha prensa botánica, aprender a conservar plantas e realizar divertidos experimentos relacionados cos pigmentos, a luz, o crecemento e a observación da natureza.

Para público infantil de 7 a 12 anos. 15 prazas.
Inscricións desde o venres anterior ás 9.00 horas nos números de teléfono 988 788 385/386 ou ben presencialmente.

21 de novembro ás 11.30 horas, na sala de actividades infantil

Obradoiros de Ciencia. Fabrica o robot tolo con Simone Giertz, con Vermislab

Coñeceremos a Simone Giertz, enxeñeira, inventora e creadora de robots divertidos que demostran que equivocarse tamén forma parte da aprendizaxe. Inspirándonos no seu traballo, construiremos un "robot tolo" empregando materiais de refugallo, elementos de manualidades, un pequeno motor e electrónica básica para darlle movemento.

Para público infantil de 7 a 12 anos. 15 prazas.
Inscricións desde o venres anterior ás 9.00 horas nos números de teléfono 988 788 385/386 ou ben presencialmente.

25 de novembro ás 18.00 horas, na sala de actividades infantil

Bebés e a ciencia musical

Bebeconto para as persoíñas máis pequenas da casa. Actividade especial de didáctica da expresión musical en colaboración coa Universidade de Vigo.

Para bebés de 1 a 3 anos acompañados dunha persoa adulta. 15 prazas.
Inscricións desde o venres anterior ás 9.00 horas nos números de teléfono 988 788 385/386 ou ben presencialmente.

27 de novembro ás 11.30 horas, roteiro guiado pola cidade

Redescubrindo Ourense. Hospitais.

Un paseo histórico polos hospitais que existiron ao longo da historia de Ourense. Neste percorrido achegarémonos á evolución da atención á enfermidade a través dos locais que ao longo dos últimos séculos cumpriron esa función na nosa cidade. Punto de inicio: por determinar. Duración 1h 45 m .

Para público adulto. 20 prazas.
Inscricións desde o venres anterior ás 9.00 horas nos números de teléfono 988 788 385/386 ou ben presencialmente.

28 de novembro ás 12.00 horas, na sala de actividades infantil

Achégate á Ciencia, con Sabela Gago

Sabela Gago achegará ás nenas e nenos participantes neste obradoiro ao mundo da ciencia a través dos libros da biblioteca. Unha aventura chea de diversión e aprendizaxe.

Para público infantil de 7 a 12 anos. 15 prazas.
Inscricións desde o venres anterior ás 9.00 horas nos números de teléfono 988 788 385/386 ou ben presencialmente.

MOSTRAS BIBLIOGRÁFICAS do 2 ao 30 de novembro, na sala infantil, no horario da apertura da biblioteca

Sobre Ciencia

Mostra bibliográfica na sala infantil con distintas obras de divulgación científica.

Para público infantil.

BIBLIOTECA PÚBLICA DE PONTEVEDRA ANTONIO ODRIOZOLA

6 de novembro, ás 18.00 horas, no espazo de obradoiros

Obradoiro: *Experiencias científicas*, a cargo de Anias

Un obradoiro dinámico no que a ciencia cobra vida a través de experimentos sinxelos e sorprendentes. Observaremos e descubriremos fenómenos básicos dun xeito práctico e divertido a base de mesturar ingredientes que provocarán diferentes reaccións abraiantes. Unha excelente oportunidade para espertar a curiosidade científica.

Para público infantil de 8 a 12 anos. 15 prazas.
Inscricións na web https://bibliotecas.xunta.gal/pontevedra

13 de novembro, ás 18.00 horas, no espazo de obradoiros

Obradoiro: *Robótica creativa,* a cargo de Jóvenes Científicos



Constrúe, programa, fai que se mova!

Achegámonos á robótica educativa de forma práctica e divertida, usando LEGO WeDo. O alumnado aprenderá a construír e programar pequenos proxectos, dando vida a robots que se moven, reaccionan e realizan tarefas.

Para público infantil de 9 a 14 anos. 15 prazas.
Inscricións na web https://bibliotecas.xunta.gal/pontevedra

14 de novembro, ás 11.00 horas, no espazo de obradoiros

Obradoiro: *Obradoiro de Ilustración científica mariña*, a cargo do CSIC

Ofrecerase unha introdución teórico-práctica orientada a potenciar a capacidade de comunicar coñecemento científico a través da linguaxe visual e desenvolver habilidades de observación e representación gráfica, empregando técnicas tradicionais como o grafito, os lapis de cores, a acuarela e o punteado. A temática xirará arredor dos organismos mariños, costeiros e oceánicos, poñendo o foco en diferentes especies de interese.

Será impartido por Nair Vilas e Eva Cacabelos, ilustradoras e investigadoras do Centro Oceanográfico de Vigo do Instituto Español de Oceanografía (IEO-CSIC).

Para público adulto. 20 prazas.
Inscricións na web https://bibliotecas.xunta.gal/pontevedra

20 de novembro, ás 18.00 horas, no espazo de obradoiros

Obradoiro creativo: *Maxia ou ciencia?,* a cargo de Reviravolta

Prepararemos unha morea de experimentos científicos, sinxelos e entretidos, que máis ca ciencia parecen maxia. Resolveremos coa cativada os enigmas e misterios da ciencia xogando, experimentando e aprendendo.

Para público infantil de 4 a 6 anos. 15 prazas.
Inscricións na web https://bibliotecas.xunta.gal/pontevedra

27 de novembro, ás 18.00 horas, no espazo de obradoiros

Obradoiro: *Exploradores da ciencia: un museo para experimentar,* a cargo de Heroes da Ciencia

Un obradoiro científico pensado para achegar a ciencia á cativada



dun xeito divertido, participativo e sorprendente. A través de diferentes experimentos e de diferentes elementos de museo científico (paxaros en equilibrio, bóla de plasma, péndulo de Newton...), poderemos observar, descubrir e experimentar con fenómenos da vida cotiá, espertando a curiosidade e interese pola ciencia. Unha actividade na que aprender, tocar, preguntar e sorprenderse van da man.

Para público infantil de 3 a 12 anos. 15 prazas.
Inscricións na web https://bibliotecas.xunta.gal/pontevedra

Todo o mes de novembro no horario de apertura da biblioteca, na sala de exposicións

Exposición: *Oceánicas: pioneiras da oceanografía,* a cargo do CSIC

A través de 12 paneis cóntase a historia de 20 científicas ilustres, algunhas bastante esquecidas. Desde a primeira e única muller que deu a volta ao mundo durante a época das grandes exploracións ata mulleres que hoxe en día lideran a loita pola conservación dos océanos.

Mulleres como Jeanne Baret, botánica francesa que foi a primeira en circunnavegar o mundo no século XVIII; Marie Tharp, xeóloga mariña que elaborou o primeiro mapa dos fondos oceánicos atlánticos; Ángeles Alvariño, oceanógrafa galega do IEO que se converteu na primeira muller en embarcar nun buque inglés e que descubriu 22 especies mariñas; ou Sylvia Earle, primeira muller en liderar a NOAA e exploradora de National Geographic.

Para público xeral.



BIBLIOTECA PÚBLICA DE VIGO JUAN COMPAÑEL

7 de novembro, ás 11.00 e ás 12.00 horas, na sala infantil

Arqueoloxía experimental, con Artear

A cativada convértese na protagonista do experimento e por tanto, formulan hipótese de reconstrución, observan, analizan, manipulan obxectos e instrumentos, ao mesmo tempo que reproducen paso a paso diferentes pezas aplicando as diferentes técnicas e xestos dos oleiros que viviron na nosa contorna.

Para público infantil, de 6 a 12 anos.
Inscrición previa no teléfono 886 120 445 ou na propia biblioteca.

14 de novembro, ás 12.00 horas, na sala infantil

Misión ciencia: descobre, experimenta e crea, con Ciencia Kids

Xornada científica deseñada para espertar a súa curiosidade e achegalos á ciencia dunha forma divertida, práctica e participativa. A través de experimentos sinxelos, retos e actividades creativas, a cativada poderá descubrir, experimentar e crear mentres aprenden xogando.

Para público infantil, de 4 a 12 anos.
Inscrición previa no teléfono 886 120 445 ou na propia biblioteca.

21 de novembro, ás 11.00 e ás 12.00 horas, na sala infantil

Palitroques, con Víctor González García

Palitroques é un obradoiro de arquitectura e xeometría aplicada, desenvolvido a partir dun recurso didáctico que se basea nun sistema construtivo de barras e unións para a montaxe de figuras e estruturas. Axudaranos a comprender de forma fácil e entretida os fundamentos de materias tan teóricas e abstractas como a xeometría, as matemáticas e a física.

Para público infantil de 6 a 12 anos.
Inscrición previa no teléfono 886 120 445 ou na propia biblioteca.

27 de novembro, ás 19.00 horas

Ciencia mariña

Charla impartida por persoal investigador do Instituto Español Oceanográfico enfocada a dar a visibilidade á investigación oceanográfica e fomentar vocacións científicas.

Lugar: sala multiúsos (2° andar).
Para todos os públicos. Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

29 de novembro, ás 12.00 horas, na sala infantil

The Smeds and the Smoos, con Academia Bastón

Sesión de divulgación científica en inglés.

Para público infantil de 6 a 12 anos.
Inscrición previa no teléfono 886 120 445 ou na propia biblioteca.

EXPOSICIÓNS E MOSTRAS BIBLIOGRÁFICAS
Todo o mes de novembro

Revolución industrial: un mundo que cambiou para sempre

Esta exposición percorre os grandes eixos da Revolución Industrial —a máquina de vapor, a produción en serie, o cambio tecnolóxico— explicando como transformaron a forma de producir, traballar e vivir. Tamén veremos exemplos de como os procesos chegaron a Galicia: da industria conserveira das Rías Baixas aos estaleiros de Ferrol e Vigo, pasando polas centrais hidroeléctricas ou as primeiras liñas de ferrocarril.

Lugar: zona de exposicións da biblioteca.
Para todos os públicos.

Oceánicas 2: pioneiras da oceanografía

Exposición sobre parte do libro de Antònia Calafat e Pablo Lozano publicado polo Instituto Español de Oceanografía de Vigo. Este libro salienta a vida e investigacións de ilustres oceanógrafas que coñeceredes grazas ao traballo divulgativo do IEO e os seus membros. Acompaña a exposición unha bibliografía de materiais sobre o tema que podedes atopar na biblioteca.

Lugar: sala infantil.
Para todos os públicos.

A furgoteca!!!\

BIBLIOTECAS MÓBILES DE LUGO E OURENSE

Ao longo das rutas que recorren 30 concellos de Lugo e Ourense, as furgotecas levan libros, diversión e coñecementos científicos aos nenos e nenas dos colexios e casas niño, ás persoas usuarias das residencias, centros de día e casas do maior e a toda a veciñanza que se achega en cada parada. Toda a información sobre rutas e actividades en: bibliotecas.xunta.gal/furgoteca.

FURGOTECA DE LUGO

2 de novembro, ás 12.30 horas, no CPI de Pedrafita do Cebreiro

Ciencias malabarísticas, con Ramón Gato (Fraga dos Mouros)

Un profesor de ciencias algo torpe e despistado, nun desafío constante contra a gravidade, delinea o mundo a través dos lanzamentos dos malabares. Con xogos pedagóxicos e a participación do público.

Actividade aberta a todo o público.
Entrada libre ata completar a capacidade da sala.



FURGOTECA DE OURENSE SUR

Rutas 2 de todos os concellos, na Furgoteca

Xogo de memoria: curiosidades científicas

Empregamos un xogo de memoria no que se trata de conseguir facer parellas de imaxes. Nesta ocasión, ademais, poderemos aprender curiosidades do mundo da ciencia relacionadas coas fotos que se mostran.

Actividade aberta a todo o público.

10 de novembro ás 11.30 horas, no CPI Laureano Prieto (A Gudiña)

Obradoiro de luz negra, con 1,2,3 A contar: Trémola

Obradoiro de luz negra é unha actividade creativa e educativa na que nenas e nenos elaborarán obras de arte con pinturas fluorescentes que brillan baixo a luz negra. Durante o obradoiro descubrirán como funciona a luz ultravioleta e aprenderán a ciencia que se agocha detrás destes efectos luminosos, combinando diversión, creatividade e aprendizaxe.

Actividade aberta a todo o público.
Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

4 de novembro ás 12.00 horas, no CEIP Os Blancos

Un pau, una folla e un saltón, con Laura Caneira

Un pau, unha folla e un saltón é un obradoiro para reconectar coa creación plástica analóxica desde a experimentación e coa natureza. Partiremos de conceptos gráficos como a textura e a mancha para explorar as texturas e as pegadas que habitan na natureza. Traballaremos a técnica do stencil con tinta para ilustrar a partir da observación elementos naturais e animais desde a imaxinación.
Actividade aberta a todo o público.
Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

FURGOTECA DE OURENSE OCCIDENTAL

17 de novembro as 10.30 horas, no CEIP Plurilingüe Carlos Cid Arregui de Rairiz de Veiga

Laboratorios de natureza creativa: *Cores vivas e O misterio da luz: cianotipia,* con 1 Mar de Cores

Unha proposta cargada de experiencias participativas nas que as crianzas exploran fenómenos científicos a través de materiais naturais, experimentación e creatividade.

Para público escolar a partir de 3 anos.

20 de novembro, ás 11.00 horas no CEIP Valle-Inclán de Muíños

O que agochan as plantas, con May de Andrés

A través da investigación, a experimentación e observación directa, o público participantes comprobará a realidade que agocha a natureza.

Para público escolar de todas as idades.



A CIENCIA EN GALEGO COS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA




A ciencia forma parte da nosa vida cotiá e axúdanos a comprender mellor o mundo que nos rodea. Ao mesmo tempo, permítenos coñecer, experimentar, utilizar e valorar de maneira crítica as ferramentas tecnolóxicas que empregamos cada día.

Durante o mes de novembro, os centros educativos de Galicia celebran o Mes da Ciencia en Galego, unha iniciativa que busca fomentar o interese pola ciencia e pola tecnoloxía e, ao mesmo tempo, reivindicar o galego como unha lingua plenamente válida para aprender, comunicar e divulgar coñecemento científico.

Neste contexto, os Equipos de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), en colaboración cos equipos de bibliotecas escolares e co conxunto da comunidade educativa, impulsan diferentes propostas e actividades para achegar a ciencia ao alumnado dun xeito práctico, comprensible, creativo, interdisciplinario e participativo.

Porque a ciencia tamén a descubrimos, a experimentamos, a aprendemos e a compartimos en galego.

A continuación, recóllense algunhas das propostas e actuacións que desenvolveremos ao longo deste mes:



Blogs
www.lingua.gal/ciencia-bibliopinco

Concursos
www.lingua.gal/ciencia-pilleite

Certames de vídeos
www.lingua.gal/ciencia-milladoiro

Proxectos
www.lingua.gal/ciencia-compostamos

Audiovisuais
www.lingua.gal/ciencia-piluciencias
www.lingua.gal/ciencia-relatividade



Curtas
www.lingua.gal/ciencia-golmar

Experimentos
www.lingua.gal/ciencia-experimentos
www.lingua.gal/ciencia-adn

***Podcast* e programas de radio**
www.lingua.gal/ciencia-ecovilarino
www.lingua.gal/ciencia-cambioclimatico

www.lingua.gal/ciencia-fernandocalvet

Xogos e retos
www.lingua.gal/ciencia-problematticos



Premios aos mellores audiovisuais presentados ao Concurso Galego de Vídeos Científicos (Novos Poliedros)
www.lingua.gal/ciencia-premios

Videoconferencias de Igaciencia
www.lingua.gal/ciencia-igaciencia-videoconferencias

Concurso de vídeos de Igaciencia
www.lingua.gal/ciencia-igaciencia-concurso

Outros recursos dos EDLG
www.lingua.gal/ciencia-recursos-edlg
www.lingua.gal/ciencia-mulleres-galegas

MES DA CIENCIA NAS BIBLIOTECAS ESCOLARES 2026

Desde a creación do Plan de mellora de bibliotecas escolares (2005) procúrase a integración das ciencias e das humanidades a través de diversas actividades e da actualización da colección das bibliotecas dos centros educativos galegos de nivel non universitario. Especificamente, dedicáronse varias campañas anuais a facer visibles as oportunidades que ofrece a biblioteca escolar para o traballo das disciplinas científicas dende varias perspectivas: *Biblioteca escolar, acelerador de innovación* (2012/13), *Ler ciencia na biblioteca escolar* (2013/14), *Biblioteca escolar... matemático!!!* (2014/15), *Biblioteca escolar, base de exploracións (2015/16), Aprender a pensar coa biblioteca escolar* (2017/18), *Biblioteca escolar, viveiro de cidadanía* (2019/20) e a deste mesmo curso escolar: *Biblioteca escolar, da información ao coñecemento* (2026/27).

O lema elixido para o presente curso convídanos a facernos preguntas e a buscar respostas, a ser persoas curiosas que busquen e que indaguen, que seleccionen e traballen coa información para crear e compartir coñecemento. Un camiño que comeza e remata na biblioteca escolar, na que conviven diferentes fontes e distintas estratexias de busca, na que atopamos recursos variados que nos permiten transformar a información en coñecemento, na que se integra a cultura impresa e a cultura dixital. Nestes tempos nos que a desinformación condiciona o noso rumbo, a biblioteca escolar ten a obriga de visibilizar o seu papel na formación de persoas críticas e de ofrecer á súa comunidade programas estables e sistematizados de alfabetización informacional.



Como resultado destas campañas aumenta considerablemente o número de actividades relacionadas coa ciencia nas bibliotecas escolares. Son moitos os científicos e científicas de diversas especialidades que, anualmente, son convidados a impartir charlas relacionadas con proxectos de investigación que se desenvolven nos propios centros baixo a coordinación da biblioteca escolar; así mesmo, aumentan as propostas de actividades que implican máis lectura de divulgación científica e maior número de traballos de investigación científica por parte do alumnado. En consecuencia, aumentan tamén os recursos de contido científico en distintos soportes e formatos que as bibliotecas albergan nas súas coleccións para intentar cubrir as necesidades destas disciplinas.

No marco dos Clubs de lectura impulsados desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares cómpre salientar que case un terzo son temáticos, entre os que se atopan moitos de índole científica. Ademais, entre os 50 títulos máis lidos no curso 2024/25 aparecen varias lecturas de ficción con contidos científicos como *Asasinato na casa rosa* (Arantza Portabales), *O corpo de Cristo* (Bea Lema), *A señorita Bubble* (Ledicia Costas), *O clan das barbies* (Antía Yáñez), *Pel de cordeiro* (Ledicia Costas) ou *Micro Algas* (Xulia Pisón), entre outros.



Web: ciencia en galego nas bibliotecas

Para apoiar a conmemoración do mes de novembro como Mes da Ciencia en Galego nas Bibliotecas, desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares mantense un portal cunha selección de materiais relacionados coa ciencia en galego: https://bibliotecas.edu.xunta.gal/recursos-be/ciencia

Seleccións de materiais sobre ciencia en galego

Dende a Asesoría de Bibliotecas Escolares seleccionáronse materiais susceptibles de formaren parte da colección das bibliotecas dos centros. Cómpre, neste sentido, destacar a coidada selección de maletas viaxeiras que son ofrecidas en préstamo temporal aos centros sobre as seguintes temáticas: Ciencias (para Educación Primaria e Educación Secundaria), Matemáticas (tamén para as dúas etapas educativas), Economía, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía e Literatura de non ficción. No curso 2025/26 ponse tamén á disposición dos centros educativos a maleta *Catalina e Lourenzo xogan ás agachadas*, cunha selección de recursos e lecturas sobre o espazo, as constelacións e os mitos que inspiraron, guías e manuais prácticos de como ver a eclipse, libros protagonizados por astronautas, poesía inspirada nas estrelas...



Tamén no curso 2025/26 a Asesoría de Bibliotecas Escolares participou na *I Xornada de Redes de Clubs de Ciencia "A ciencia que nos une",* para falar do papel da biblioteca escolar no acceso e tratamento da información, así como para sensibilizar sobre a importancia da lectura de textos de carácter científico, de textos divulgativos ou de textos literarios que tratan temas relacionados coa ciencia.

Para o curso 2026/27 continúase coa actualización dos contidos destas maletas engadindo publicacións máis recentes realizadas con perspectiva de xénero, para acoller libros que recollen a figura das científicas nos diversos campos.

Pódese acceder ao contido das maletas no enderezo:
https://bibliotecas.edu.xunta.gal/recursos-be/maletas-viaxeiras



Literatura de non ficción en galego

Dende a Asesoría de Bibliotecas Escolares mantense unha selección de libros de divulgación científica publicados en galego e moi demandados desde as bibliotecas dos centros educativos para poder cubrir as necesidades informativas do alumnado e apoiar os seus traballos de investigación.

Pódese acceder a esta selección na seguinte ligazón:
https://es.pinterest.com/bescolaresgal/

A plataforma de libro dixital E-LBE.2

E-LBE.2 é un servizo que poden ofrecer as bibliotecas escolares dos centros educativos galegos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que participan no programa PLAMBE. Trátase dunha plataforma de lectura e préstamo de contidos dixitais que enriquece as coleccións das bibliotecas escolares cun volume actual de máis de 4500 títulos que están dispoñibles para ler en pantalla, en todo tipo de dispositivos (computador e dispositivos móbiles), en calquera momento e lugar, para todas as persoas usuarias (profesorado, alumnado e familias) destas bibliotecas escolares.



Os fondos de E-LBE.2 son variados, actuais e están seleccionados atendendo aos criterios que, en xeral, seguen as bibliotecas escolares galegas. Entre eles atopamos non só títulos de literatura de ficción senón tamén numerosos materiais textuais de literatura de non ficción, moitos deles de contidos científicos. A selección, xestión e control dos contidos, e a súa actualización coordínanse desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares.

Pódese acceder á plataforma E-LBE.2 a través da seguinte ligazón:
https://bega-elbe2.edu.xunta.es/

Programa Biblioteca Creativa

Para o curso 2026/27, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, no contexto das actuacións do Plan LÍA de bibliotecas escolares, vén de publicar unha nova convocatoria do programa *Biblioteca Creativa* que apoia a introdución, dentro da biblioteca escolar, dun espazo de creación e experimentación en centros que matriculen alumnado de ensino infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato e/ou formación profesional, tanto en réxime ordinario como aprendizaxe permanente, ou ensinanzas artísticas, idiomas e deportivas. Esta convocatoria ten como obxectivo dotar os centros dos recursos e materiais axeitados para estimular e ampliar as linguaxes presentes na biblioteca, promover a expresión oral, a alfabetización múltiple, o razoamento lóxico, a aprendizaxe manipulativa, o xogo, a investigación e o traballo colaborativo de profesorado e alumnado. Este programa está a promover a aparición de novos espazos dentro da biblioteca, entre os que destaca a sección de ciencias, con materiais e fondos que facilitan a investigación e a experimentación do alumnado. Neste curso 2026/27 participarán no programa *Biblioteca Creativa* arredor de 236 centros, integrados previamente no Plan de mellora de bibliotecas escolares.



Pódese acceder a máis información sobre este programa na ligazón:
https://bibliotecas.edu.xunta.gal/programas-e-concursos/biblioteca-creativa

Metodoloxías activas e traballos por proxectos

Co fin de estimular a realización de traballos mediante a metodoloxía de proxectos, impulsados ou coordinados desde as bibliotecas escolares, vénse convocando dende o curso 2013/14 o *Concurso de Traballo por Proxectos*, destinado aos centros públicos non universitarios, con distintas modalidades e temáticas. No curso 2025/26, convocouse o *XII Concurso de Traballo por Proxectos*, ao que se presentaron 72 traballos. Moitas das candidaturas que se recibiron nos últimos anos centran as súas investigacións en temas científicos ou combínanos cos humanísticos.



Nesta ligazón pode accederse á listaxe de traballos premiados na XI edición (2024/25) e edicións anteriores:
https://bibliotecas.edu.xunta.gal/programas-e-concursos/concurso-de-traballo-por-proxectos/proxectos-premiados



DL: C1793-2026

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027